

# FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2024

De Rosalía a Castelao.  
Un artigo de Carvalho Calero

**M<sup>a</sup> Pilar García Negro**

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO



## De Rosalía a Castelao

Castelao nace o ano seguinte a aquel en que Rosalia morre. Os muitos mitógrafos e mitólogos con que contan as letras galegas actuais, verán sen dúbida nesta coincidencia algo así como unha predestinación simbólica. Creio pasados os tempos en que lirismos e misticismos patrióticos constituían a materia balística a man para disparar cara o futuro, aínda que podamos ver como moitos de nós, os sobreviventes daqueles tempos, somos incapaces de adecuar a nosa linguaxe ás circunstancias da vida moderna. Aínda que, segundo certa poesía paralitúrgica galego-portuguesa: “pouco vai de galileo a galego”, e así, conforme a carne, o redentor dos homes case podería ser unha figura nacional –mesmo puido nacer “en Belén de Portugal, non en Belén de Judea”–, parece prudente acoller con reservas toda doutrina que faga do galego un pobo eleito por Deus, como o hebreu, e mesmo de Deus unha divindade nacional. Hai povos escollidos pola adversidade, e o noso semella un deles; mas é unha teología demasiado aristocrática a que postula a existencia de povos escollidos por Deus. Cando menos, logo da promulgación da Nova Lei, que declara caducada a Antiga.

Ora, Rosalia e Castelao constitúen unha diarquía no corazón dos galegos. Por algo as súas personalidades –uns poucos trazos das súas vidas, unhas poucas liñas das súas obras– calaron na conciencia popular en forma incomparable con aquela que lles foi outorgada a outras egrégias personalidades da nosa cultura. Reducidas a esquemas, estilizadas –pois deste modo apreia o pobo a realidade–, estas dúas figuras son as dúas figuras epónimas da historia de Galiza, tal como a senten as gentes do común. Tivemos un ano rosaliano. Borobó supón que as comunicacións presentadas no Congreso celebrado en Santiago terán comezado a publicarse en boletíns universitarios, en cadernos de estudos, en revistas minoritarias. Non, que eu saiba, porque está prevista en marcha a impresión das actas do Congreso, con todas as comunicacións e ponencias, en edición autónoma.

Castelao sen dúbida atingirá este ano unha sorte semellante á atingida por Rosalia o ano pasado. Como está máis preto de nós, como vivemos aínda algúns que o tratamos, que fomos os seus amigos ou os seus adversarios, que combatemos ao seu carón ou en contra del, será máis difícil tratar objetivamente algúns aspectos da súa personalidade; concretamente, o aspecto político. Tamén Rosalia ten un aspecto político. Cando fala dos

bravos combatentes que van caíndo e de outros que, no baleiro que os mortos deixan, virán a proseguir a loita; cando convida os seus paisanos a destruír as guaridas do vampiro odioso se non queren que os guerreiros morran obscuros antes de ver a pátria redimida –conceitos e palabras que literalmente se achán en textos incluídos postumamente no seu último libro–\*, Rosalía está facendo pura poesía política. De forma que, aínda que non teña sido deputada a Cortes nen secretaría política de ningún partido, a súa dimensión cívica é tan evidente que non pode ser negada. Algunha referencia a esta faceta rosaliana foi feita no pasado Congreso.

A personalidade política de Castelao é, naturalmente, máis obvia. E tamén é hora de estudá-la objetivamente, o que non quer dicir que non dispoñamos já de estimábeis aproximazóns a este ángulo da súa realidade. Como practicamente todo o mundo pretende ser devoto de Castelao –mesmo aqueles que no seu tempo vestiron a libré dos seus perseguidores–, o primeiro que hai que facer –e algo tamén se fixo– é achegar-se à súa figura con ánimo de historiador, e non de hagiógrafo, e menos de reconversor. Hai unha certa tendencia a recobrir Castelao de unha capa de interpretación *corrigendi gratia* que o fai precursor dos que hoje se consideran os seus seguidores. Hai unha versión do seu *Sempre en Galiza* que podería titular-se Algunhas veces en Galicia. Mas Castelao escribiu o que escribiu, e mesmo sería conveniente que o lesen mellor aqueles que no seu nome pretenden excomungar aos que o ven como foi e non como o quer recompor unha certa cirurxía macabra que desexa normalizar o seu pensamento.

En Rosalía, como en Castelao, hai calcos dos seus respectivos tempos, que, polo que se refere a cuestións ideolóxicas, poden reclamar explicazón e arquivo. Mas hai tamén un elemento vivo comun, que debe ser decididamente registado, sen diluí-lo en interpretacións oportunistas. Que o pobo teña escollido estas dúas figuras como símbolos do espírito comunal, é un feito consolador para os pesimistas, pois revela que –se cadra, na subconsciencia– ese pobo se sente representado por un pensamento, ou un sentimento, que afirma con enérgica continuidade a súa substantividade radical. E iso é moi importante, porque é unha cuestión de principio. O demais son fórmulas políticas; realistas, utópicas, prudentes, hipócritas: o que seja. Mas en todo caso accidentais para definir o galeguismo de cadaquén. Mentres que o principio define esencialmente o galeguismo do pobo galego.

✻ N. da R.: Velaquí o poema (*circa* 1883)  
a que se refere Carvalho Calero:

*¡Patria!*

*I*

*Cayendo van los bravos combatientes,  
Y mas se aclaran cada vez las filas..*

*No lloreis, sin embargo;  
En el vacío que los muertos dejan  
Otros irán a proseguir la lidia.*

---

*Irán.. mas presto, del vampiro odioso,  
Destruiz las guaridas.  
Si no quereis que los guerreros vuelvan  
Tristes y oscuros á morir sin gloria  
Antes de ver la patria redimida.*

Publicamos este noveno número de *Follas Novas*  
grazas ao patrocinio do Concello da Coruña



# Concello da Coruña



CASA DE ROSALÍA

A Matanza  
15917 Padrón  
+34 981 811 204

[www.rosalia.gal](http://www.rosalia.gal)

FUNDACIÓN  
ROSALÍA DE CASTRO